


Escenario completo 6.E

Escenario 6.E: Escenario completo



Á vista deste escenario e sen nada máis que as prácticas realizadas até o de agora o usuario debera ser quen de:

- Achar os enderezos IPs das páxinas oficias dos Clubes de Fútbol: Deportivo da Coruña e Celta de Vigo.
- En **wserver**:
 - ◆ Crear unha a zona de busca directa **depor.local**.
 - ◆ Crear unha zona de busca inversa asociada á IP do Clube de Fútbol Deportivo de A Coruña.
 - ◆ Crear un host **riazor** na zona de busca directa e seu PTR asociado, cuxa IP sexa á da web oficial do clube.
 - ◆ Configurar o cliente DNS para que poida resolver as zonas que xestiona.
- En **dserver**:
 - ◆ Crear unha a zona de busca directa **celta.local**.
 - ◆ Crear unha zona de busca inversa asociada á IP do Clube de Fútbol Celta de Vigo.
 - ◆ Crear un host **balaidos** na zona de busca directa e seu PTR asociado, cuxa IP sexa á da web oficial do clube.
 - ◆ Configurar o cliente DNS para que poida resolver as zonas que xestiona.

Que máis terá que configurar o usuario?, para que:

- Nos clientes: **wclient** e **uclient** se poidan realizar satisfactoriamente as seguintes operacións:
 - ◆ Unha soa solicitude de ping a **www.youtube.com**, e este debe dar resposta.
 - ◆ Unha soa solicitude de ping a **riazor** e outra a **balaidos** (ollo!! na mesma consola unha consulta a continuación da outra se sen modificar nada entre elas), de xeito que, se obteña resposta dos servidores oficiais dos clubes.
 - ◆ Resolucións inversas ás IPs dos clubes de fútbol.
 - ◆ Abrir un navegador e poder conectarse a:
 - ◇ <http://riazor.depor.local>: e que se vexa a páxina oficial do clube.
 - ◇ <http://balaidos.celta.local>: e que se vexa unha páxina un tanto estraña ou nada, pero que seguro que sabes por que é.

-
- Este escenario, unha vez asimilado o material desta parte, ten máis que ver co método Americano de traballo:

- ◆ "80% think, 20% do"
- ◆



- ◆ Baseado no Principio de Pareto.